

Martes, 24 de xullo de 2018

Núm. 142

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

EXTRACTOS DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/07/2018

EXTRACTOS DE ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN SESIÓN, ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 16 DE XULLO DE 2018

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. M^a del Carmen Silva Rego

Deputados: Dna. Consuelo Besada Lores, D. Juan Antonio González Pérez, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e Dna. Eva María Villaverde Pego.

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay.

Interventor: D. Antonio Graña Gómez.

Non asisten as/os seguintes deputadas/os: Dna. M^a Montserrat Magallanes Álvarez, D. David Regades Fernández, D. Uxío Benítez Fernández, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia a Xunta de Goberno adopta por unanimidade os seguintes acordos:

- 1.—Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de xullo de 2018.
- 2.—Apróbase o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a reestruturación do espazo público e mellora da mobilidade do núcleo de A Chan (Cerdedo-Cotobade).
- 3.—Apróbase o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil E.P. 0601 Portosanto-Campelo-C550 correspondente co P.Q. 0+000 ata o entorno da baixada cara o porto de Campelo no P.Q. 1+730”.
- 4.—Apróbase o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio para a execución do proxecto “Estabilización do muro de contención da estrada e continuación do paseo litoral Campelo (Poio-Pontevedra) Fase II.”
- 5.—Apróbanse as axudas básicas de emerxencia para o exercicio 2018 para os Concellos de Caldas de Reis e Mondariz Balneario (3º grupo).



Martes, 24 de xullo de 2018

Núm. 142

6.—Apróbase o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Depotermal 2019”.

7.—Adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2603 Puxeiros-Peinador”.

8.—Acórdase a solicitude de liquidación definitiva e finalización dos pagamentos derivados do contrato do servizo de colaboración e asesoramento na inspección fiscal do IAE, do ICIO e dos demais tributos delegados no organismo autónomo de xestión de recursos locais-ORAL.

9.—Acórdase a devolución de garantías definitivas.

10.—Autorízase ó Concello de Covelo para o reinvestimento de baixas no marco do plan concellos 2017.

11.—Concédesse subvención ao Concello de Cangas no Plan concellos 2018-2019 Liña 1-investmentos, con destino ao financiamento do investimento “Proxecto de reparación de cuberta e fachada no pavillón do colexio Castrillón-Coiro-Cangas”.

12.—Concédesse subvención ao Concello de Cerdedo-Cotobade no Plan concellos 2018-2019 liña 1-investmentos, con destino ao financiamento do investimento “Mellora de camiños municipais en Cerdedo”.

13.—Concédesse subvención ao Concello de Lalín no Plan concellos 2018-2019 liña 1-investmentos, con destino ao financiamento do investimento “Adquisición de terreos para a ampliación do cemiterio municipal de A Romea vencellado á modificación puntual nº 13 do PXOM de Lalín”.

14.—Concédesse subvención ao Concello de Redondela no Plan concellos 2018-2019 liña 1-investmentos, con destino ao financiamento do investimento “Reordenación do aparcadoiro anexo á Alameda de Chapela, Redondela”.

15.—Concédesse subvencións a clubs deportivos sen ánimo de lucro que participen en competicións federadas de ámbito inferior a nacional para o ano 2018.

16.—Acórdase iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito de cobro da subvención concedida a “Motoclub amigos de la moto Sanxenxo”.

17.—Acórdase a 2ª adxudicación das bolsas de práctica laboral para oficinas de Turismo Rías Baixas-Info Rías Baixas 2018.

18.—Ratifícase a Resolución Presidencial relativa á prórroga dunha bolsa de licenciado/graduado en bioloxía, con destino ó Servizo Estación Fitopatoloxica do Areeiro (RP nº 2018013480).

19.—Modifícase a convocatoria de 200 bolsas de práctica laboral na Deputación e en concellos da provincia de Pontevedra 2018 por cambio de titulacións ós/ás suplentes solicitadas por varios concellos por falta de candidatos nas titulacións que tiñan adxudicadas e adxudicación das bolsas vacantes.



Martes, 24 de xullo de 2018

Núm. 142

20.—Rectifícase erro material no acordo nº 14.26743, aprobado en sesión da Xunta de Goberno de 4 de xuño, relativo á aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da obra “Actuación de mobilidade sostible na E.P. 2505, ao seu paso polo núcleo urbano de Salceda de Caselas”, e concesión dun novo prazo para presentación de ofertas.

21.—Comunicacións: a Xunta de Goberno queda enterada de

a.—Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado núm. 152/17, promovido por D. Víctor Varona Suárez, sobre aboo de diferenzas retributivas.

b.—Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento ordinario 113/2017, promovidos polo Sindicato Nacional de Comisiones Obreras de Galicia (CC.OO.) sobre impugnación orzamento 2017.

c.—Sentenza da Sala do Contencioso do TSXG, Sección 1ª recaída en autos de recurso de apelación nº 146/18 promovidos por Dna. Blanca Rodríguez López contra sentenza desestimatoria de data 11/1/18, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra.

d.—Sentenza do Xulgado de Menores nº 1 de Pontevedra, ditada no Expediente de Reforma núm. 318/17 por un delito de atentado, na persoa dun educador do Centro de Educación Especial “Príncipe Felipe”.

e.—Auto do Xulgado de Menores nº 1 de Pontevedra, ditado no expediente de reforma nº 227/17 por un delito danos no Centro de Educación Especial “Príncipe Felipe”.

f.—Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, declarando ter por desistido o Sindicato Nacional de Comisiones Obreras de Galicia (CC.OO.) nos autos de procedemento abreviado 145/17 sobre exclusión do persoal interino dos beneficios sociais.

g.—Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado en autos de procedemento abreviado núm. 213/17, promovidos por Dª. Otilia Sanjuán TOMÉ, sobre reclamación de cantidade por realización de obras na E.P-1001 Cangas-Coiro-Magdalena, no Concello de Cangas do Morrazo.

h.—Sentenza da Sala do Contencioso do TSXG, Sección 2ª recaída en autos de procedemento ordinario nº 4145/15 promovidos pola U.T.E. Fomento De Construcciones y Contratas, S.A. e CELTA PRIX, S.L. sobre contrato administrativo.

i.—Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado nº 338/15, promovidos por Orsil Promoinvest,S.L., sobre reclamación de responsabilidade patrimonial.



Martes, 24 de xullo de 2018

Núm. 142

j.—Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado nº 46/17, promovidos pola Xunta de Galicia sobre nomeamento en comisión circunstancial dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

k.—Comunicación do Defensor del Pueblo sobre conclusión e arquivo do expediente de queixa 18002804, sobre funcionamento insuficiente da rede de banda ancha no rural, plantexada polo Concello de Fornelos de Montes.

l.—Comunicación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2.018 sobre sobresemento de Actuacións previas á iniciación de expediente sancionador nº 44/18 polo mal estado das cunetas na E.P. 6103 no Concello de Lalín.

22.—Rogos e preguntas.

O Secretario,

Asdo. Carlos Cuadrado Romay

